



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

INSTRUCCIÓN POLA QUE SE ESTABLECE O COMPLEMENTO DE SERVIZOS PRESTADOS PARA O PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

De cara a acadar unha óptima relación entre os servizos prestados na Universidade da Coruña e a retribución do persoal funcionario interino, semella conveniente o establecemento dun complemento que retribúa estes traballos prestados.

Por todo o anterior:

Establécese o complemento de servizos prestados para o persoal funcionario interino, de natureza exclusivamente económica.

Este complemento recoñecerase por pedimento dos interesados que acrediten períodos de tres anos de servizos prestados na Universidade da Coruña. O recoñecemento deste complemento terá efectos do primeiro día do mes seguinte ao da presentación da solicitude.

A contía do complemento de servizos prestados será de 42.77 € mensuais para o grupo A, 34.23 € mensuais para o grupo B, 25.70 € mensuais para o grupo C e 17.17€ mensuais para o grupo D por cada tres anos de servizos prestados na Universidade da Coruña.

No momento en que se acade a condición de persoal funcionario de carreira deixará de percibirse o devandito complemento.

A Coruña, 21 de febreiro de 2007

O xerente

Asdo. : Manuel Galdó Pérez